

II. AUTORIDADES E PERSOAL

B) NOMEAMENTOS

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 17 de setembro de 2014 pola que se dispón o nomeamento dun vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño (DOG nº 116, do 17 de xuño), crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio propio e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería do Mar; o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG nº 49, do 11 de marzo).

Os artigos 7 da Lei 3/2004, do 7 de xuño, e 4 do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, regulan a composición do Consello de Administración do Instituto, establecendo que o vogal representante do persoal do Intecmar será nomeado polo Consello de Administración deste por proposta do órgano ou órganos que representan o persoal do Intecmar.

En consecuencia,

DISPOÑO:

Por proposta do comité de empresa do Intecmar, o nomeamento de Eva Moreira Fontán como vogal do Consello de Administración do Intecmar en representación do persoal do Instituto.

Vilaxoán, 17 de setembro de 2014

Rosa M^a Quintana Carballo
Presidenta do Consello de Administración

